



Oficina de Medio Ambiente
UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Campamento con pernocta Curso de verán: 4 e 5 de Xullo 2022

CONSTRUÍNDO REALIDADES ALTERNATIVAS DESDE A PERSPECTIVA ECOSOCIAL E O FEMINISMO

Módulo 1: Emerxencia climática e xustiza social

Introdución ás principais problemáticas ambientais e sociais da actualidade, con énfase na crise climática e enerxética, a perda de biodiversidade e as desigualdades Norte-Sur e entre homes e mulleres. Tamén se realizará unha práctica de ciencia cidadá con OMA-EMAPIC para o cálculo da nosa pegada ecolóxica e exercicios de conexión coa natureza.

Manuel Soto, Verónica Torrijos e Martina Dono.

Módulo 2: O sistema económico en crise

Analizarase o sistema económico actual, directamente relacionado coas principais crises da actualidade, co obxectivo de promover o pensamento crítico e o debate grupal. Inclúese tamén a perspectiva sociolóxica e a relación co medio ambiente no contexto mundial globalizado.

Rosa M^a Regueiro, Pablo Alonso e Elvira Santiago.

Experiencia práctica: Cociña solar

Aproveitaremos de maneira respectuosa as oportunidades que a natureza nos ofrece para satisfacer as nosas necesidades.

Juan Bello.

Módulo 3: A interseccionalidade das loitas

Segundo a teoría ecofeminista, a subordinación das mulleres está estreitamente ligada á explotación da natureza, de maneira que é preciso ter unha mirada crítica sobre ambos temas para poder desenvolver estruturas sociais en base aos principios que sosteñen a vida. Levarase a cabo unha análise da concepción humana actual, así como unha reflexión sobre os fundamentos culturais patriarcais e ecocidas da nosa sociedade.

Yayo Herrero e Vanessa Míguez.

Módulo 4: A educación para o cambio

Farase fincapé na relevancia da educación ambiental e o seu valor como parte do cambio que se precisa, a prol da sensibilización, o pensamento crítico e a capacidade para crear modelos alternativos, máis éticos e sustentábeis.

Araceli Serantes.



Curso de verán a realizar no Albergue de
Ecoturismo Alvarella, Vilarmaior



Inscripcións :

<https://udc.es/gl/occ/actividades/cursos-de-veran-00001/>



Prezo da matrícula:

- Xeral: 50€
- Reducido: 30€